

Ruta dos Territorios Celtas



Ficha Técnica	
Puntos GPS	
O Couto	Latitude: +43° 29' 53.24" Lonxitude: -8° 10' 27.66"
Castro de Eiravedra	Latitude: +43° 33' 26.4" Lonxitude: -8° 7' 59.88"
Mosteiro	Latitude: +43° 32' 10.91" Lonxitude: -8° 6' 35.76"
Características	
Saída	Mosteiro de O Couto
Chegada	Mosteiro. Pedroso
Lonxitude	16 Km
Duración	4-6 horas
Interese	Histórico-Arquitectónico- Etnográfico
Dificultade	Media
Puntos de Interese	
Castro do Petouzal	
Castro de Sequeiro	
Castro dos Vicas	
Castro da Revolta	
Castro de Eiravedra	
Castro de Pereiruga	
Castro da Ermida	

Da riqueza da cultura galega recuperamos a tradición dos nosos antepasados celtas, a través dos vestixios que hoxe se conservan daqueles asentamentos fortificados, podemos imaxinarnos a vida da época, así pois comezamos a ruta polos castros de Narón.

Partimos do *Mosteiro de O Couto* en dirección a A Picota, camiñando monte arriba, a perspectiva permitiranos apreciar os fosos do *Castro do Petouzal* de ata 5 metros de profundidade e cuxos muros defensivos alcanzan os 10 metros de altura.

Tras baixar ao *Muíño das Aceas*, o noso seguinte destino é o *Castro de Sequeiro*, cuxas dimensións ocupan 140-120 metros de eixes, incluíndo un antecastro onde crece un prado. Conta a lenda a cerca deste castro, que ó parecer podería estar

comunicado co *Pazo dos Mouros* en Pena Ferreira a través de túneles submariños.

A continuación deberemos tomala estrada dos Vicas, onde tamén encontramos un castro de forma ovoidal cunha dimensión de aproximadamente 100 metros de eixe maior. Moi cerca ubícase o *Castro da Revolta* de menor tamaño e practicamente cuberto pola vexetación.

Seguimos a estrada ata chegar a Sedes, nesta parroquia atópase o *Castro de Eiravedra*, sen dúbida destaca entre os demais tanto pola súa situación privilexiada como pola súa conservación. Nace neste castro unha bonita lenda a cerca dunha apaixonada historia de amor á que o pai da rapaza se opoñía, éste ameazou con enfeitizala se continuaba esa relación e cumprindo a súa palabra, ela viuse transformada nunha horrible cobra, só cun bico do seu amado lograría romper o feitizo pero trala dilación, finalmente triunfou o amor. Para dar co seu emprazamento fixarémonos nos indicadores que pista tras pista adéntrannos na natureza no seu estado máis puro. As dimensións deste castro alcanzan os 130 metros no seu circuito interior amurallado e 140 no exterior con marcado terraplén,



nel poderemos observar restos das paredes das típicas pallozas de pedra que nas súas orixes estaban cubertas dun tellado cónico elaborado con palla de centeo, estas vivendas circulares eran o refuxio perfecto nos cruceiros invernos.

Vindeira parada, Pedroso, para chegar deberemos tomala dirección San Sadurniño pola estrada AC-112, alí encontramos o *Castro de Pereiruga* menos definido que os anteriores, sitúase pegado ao Monte dos Nenos. Moi cerca temos a oportunidade de coñecer o auténtico estilo de casas rurais no lugar de Pereiruga de Abaixo.

Continuamos en Pedroso e a nosa derradeira parada, *Castro da Ermida*, situado ao sur do lugar de Mosteiro. A súa demarcación é case inapreciable na actualidade pero aproveitáremolo paso para visitar a *Ermida da Virxe da O*, antigamente sacaban a Virxe en procesión nos tempos de sequía para conseguir que chovese e de aí mantense hoxe unha romaría popular o segundo domingo de maio.